

Comité de ética en Intervención Social As Mariñas

---



# MEMORIA ANUAL

# 2022

# ÍNDICE

## 1

Introducción.....04

## 2

Composición e organización interna.....05

## 3

Actividades do Comité.....08

### 3.1

Consultas recibidas.....10

### 3.2

Reunión co Presidente e coas responsables de Servizos Sociais do CAM.....10

### 3.3

Formación interna.....12

# ÍNDICE

---

## 6

Propostas de actuación para o ano 2023....16

---

## 5

Presenza do CEIS na web do Consorcio As  
Mariñas.....15

---

## 4

Grupos de traballo.....14

---

## 3.5

Presentación do Comité a distintos  
entidades do territorio.....13

---

## 3.4

Relatorio no Mestrado Universitario da  
UDC.....12

---

# 1. INTRODUCCIÓN

**Para o Comité, este ano 2022 estivo atravesado -case desde os seus inicios- pola necesidade de renovación do mesmo, seguindo o estipulado no documento de Desenvolvemento normativo de funcionamento interno.**

**Esta esixencia provocou o recordo de momentos significativos na súa traxectoria e a revisión de documentación. Un destes documentos é a Resolución 62/2019 do Presidente do Consorcio As Mariñas D. José Antonio Santiso Miramontes, do 15/03/2019, pola que se aproba a creación do Comité de Ética en Intervención Social (CEIS) As Mariñas, e na que se fai constar:**

---

**“A preocupación dos/as profesionais dos servizos sociais dos concellos que forman parte do consorcio As Mariñas por consolidar e promover a dimensión ética da intervención social e buscar apoio para acadar a mellor solución en determinadas situacións de conflito deu orixe a un plan de formación (2017-2019), que tiña como finalidade proporcionarlles habilidades e coñecementos éticos básicos e facilitar a creación dun comité de ética en intervención social no ámbito do consorcio.**

**Ademais, o plan pretendía mellorar a calidade da intervención e dos procesos de toma de decisións dos/das profesionais e contribuír a implantar unha cultura ética no consorcio e na sociedade”**

**Logo de case catro ano deste documento fundacional, cómpre preguntarse se o Comité contribuíu a mellorar a dimensión ética da intervención social e a implantar unha cultura ética no Consorcio e na sociedade.**

**Se ben é esta unha reflexión que excede os contidos dunha introdución á Memoria e esixe un traballo máis fondo e participativo -non realizado-, do que non hai ningunha dúbida é que todas as persoas que formaron e forman parte do Comité aprenderon e desenvolveron competencias que aportan un valor engadido ás intervencións e que a perspectiva ética é unha constante no seu día a día.**

**De seguro queda moito por aprender e transmitir, pero a cultura ética está presente e adquire un papel fundamental á hora de defender os dereitos das persoas usuarias dos Servizos Sociais Comunitarios do Consorcio As Mariñas.**

## 2. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN INTERNA



En relación á composición do Comité e ao abeiro do disposto no artigo 14 do Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas, este ano 2022 tivo lugar a renovación da súa composición.

Ao inicio do ano o Comité estaba composto por 22 persoas, mais no mes de febreiro, a vogal Cristina Vara presentou a súa baixa voluntaria.

---

O proceso de renovación iniciouse, a nivel interno, no mes de febreiro e no mes de abril, en reunión coas responsables política e técnica do Plan Coordinador, deseñouse o procedemento a seguir, que foi supervisado polo secretario do Consorcio As Mariñas.

En maio e como paso previo á convocatoria pública da provisión de vacantes, as 21 persoas integrantes do Comité manifestaron por escrito a súa intención de continuar -ou non- formando parte do mesmo. Foron 7 as persoas que decidiron non seguir, permanecendo as 14 restantes "en funcións".

A convocatoria pública de provisión de vacantes estivo aberta do 8 ao 22 de xuño, presentándose un total de 7 solicitudes en prazo e 1 fóra de prazo. A solicitude fóra de prazo foi desestimada e as outras 7 foron valoradas, por un grupo de traballo creado ao efecto, positivamente.

O proceso rematou o 24/11/2022, día no que o presidente do Consorcio asinou a Resolución 379/2022 de aceptación de baixas, novos nomeamentos e nova composición do Comité.

**Ao remate do ano 2022, o pleno do Comité é o seguinte, pendente da elección de cargos:**

<b>Cargo</b>	<b>Nome</b>
Presidenta en funcións	Virginia Alonso Paz
Apoio á presidencia en funcións	Victoria Fernández Gamboa Lorena González Corral
Secretaria en funcións	Teresa Guerra Fernández
Apoio á secretaría en funcións	Mónica Mourín López
Vogais en funcións	Ana Bruquetas Santos Ana Cobas García Ana Paula Suárez Villaverde Isabel Amigo Carrillo M <sup>a</sup> Luisa Vázquez Vázquez M <sup>a</sup> Teresa Etchevers Lemus María Alvarez Franco María Guadalupe Pombo Carril María José Cagiao Vila María Xesús Abeal Abeledo Marta Castaño Neira Marta Piñeiro Arca Mercedes García Prego Romina Galán Iglesias Serezábel Rodríguez Rico Teresa Molares Cabana

O número de reunións ordinarias celebradas ao longo do ano 2022 ascendeu a cinco e correspóndense cos seguintes días de celebración:

- 18/02/2022
- 22/04/2022
- 10/06/2022
- 23/09/2022
- 18/11/2022

Non tivo lugar a celebración de reunións extraordinarias.

Despois dos momentos máis críticos da pandemia, durante o ano 2022 as reunións recuperaron a modalidade presencial, aspecto que se valora moi positivamente, xa que permitiu unha maior fluidez na comunicación e unha posta en común máis cálida. Todos os encontros desenvolvéronse en horario de mañá e existiu unha continuidade no lugar de celebración, que foi na biblioteca do Edificio de A Senra, do Concello de Bergondo. Agradecemos fondamente a apertura deste espazo para o Comité e queremos trasladar ás compañeiras do dito concello o esforzo realizado nese sentido, proporcionando sempre unha cálida acollida.

# 1

**A media de duración das reunións foi de dúas horas e cinco minutos, o que ven a ser 35 minutos máis do inicialmente establecido nas distintas convocatorias e ordes do día.**

# 2

**En relación á asistencia, a media de participación foi do 54,50 %, o que se corresponde cunha asistencia media de 12 persoas, do total das 21 persoas integrantes do comité a partir do mes de febreiro.**

# 3

**En comparación co ano anterior, o nivel de participación do 2022 foi máis baixo, feito que pode estar xustificado en base ao proceso de renovación do Comité explicado anteriormente. As vogais que decidiron non continuar no Comité (mes de maio) deixaron de acudir ás reunións e as novas vogalías non foron nomeadas ata finais do ano, en concreto, no mes de novembro.**

# 3 . ACTIVIDADES DO COMITÉ

En termos xerais valórase positivamente a actividade do CEIS As Mariñas ao longo de 2022, e cómpre subliñar que se lograron desenvolver a maioría das actuacións previstas.

A continuación preséntase, moi brevemente, as actuacións que se recollían na Memoria do pasado ano e o seu estado de execución ao remate do 2022:

# 1

## Executada

Presentación da Memoria do ano 2021 ao Presidente do Consorcio As Mariñas e ás responsables política e técnica do Plan Coordinador. Realizada esta presentación, a memoria farase pública a través da páxina web do Consorcio.

# 2

**Executada, agás a presentación do Comité nos Servizos Sociais do Concello de A Coruña.**

Presentación do CEIS As Mariñas ás entidades sociais e sociosanitarias do territorio do Consorcio e nos Servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña

# 3

## Executada

Creación, mantemento e/ou supresión de grupos de traballo en función das necesidades detectadas.



# 4

## Executada

Realización de accións formativas dirixidas ás persoas do Comité e aos/ás profesionais dos Servizos sociais comunitarios do territorio do Consorcio As Mariñas, ás entidades sociais e sociosanitarias do territorio do Consorcio e nos Servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña.

# 5

## Executada

Participación e/ou organización de distintas xornadas e seminarios nos que dar a coñecer a existencia do CEIS As Mariñas e desenvolver a cultura bioética na intervención social.

# 6

## Executada

Deliberación sobre as consultas que se reciban no Comité e emisión de informes cando proceda. Á par exploraranse vías para facer accesible a presentación de consultas a este Comité.

## 3.1 Consultas recibidas

Ao longo do ano 2022 non tivo lugar a recepción de consultas. A última consulta recibida data do mes de setembro do 2021, polo que esta realidade xerou unha reflexión interna e a formulación de alternativas.

En concreto, nas reunións ordinarias do Comité dos días 18 de febreiro e 22 de abril do 2022 dialogouse sobre esta situación e, entre outros motivos, asociouse a ausencia de consultas coa escasa visibilidade do Comité nos departamentos dos Servizos Sociais Comunitarios do Consorcio, chegándose á conclusión de que era necesario desenvolver accións específicas capaces de espallar a cultura ética entre as compañeiras e compañeiros dos concellos do Consorcio.

Foron diversas as alternativas propostas: formación telemática periódica, presentacións de temáticas concretas baixo formatos audiovisuais innovadores e creativos, ... , mais valorouse que estas accións de divulgación e formación excedían a capacidade do propio Comité para levalas a cabo, polo que se acordou solicitar colaboración ao Consorcio As Mariñas.

---

## 3.2 Reunión co Presidente e coas responsables de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas

A reunión tivo lugar o día 29 de abril na sede do Consorcio e asistiron Lúa Sanguñedo (responsable política do Plan Coordinador de Servizos Sociais), Mercedes Casanova (técnica coordinadora de dito Plan Coordinador, xunto con Virxinia Alonso e Teresa Guerra, Presidenta e a Secretaria do CEIS As Mariñas respectivamente. O Presidente do Consorcio desculpou a súa ausencia.

## Os asuntos tratados foron os seguintes:

- 1 | Presentación da Memoria do ano 2021 e compromiso da súa publicación na web do Consorcio.
- 2 | Establecemento do procedemento a seguir para a renovación do Comité e a provisión de vacantes.
- 3 | Valoración positiva da proposta formativa elixida polo pleno do Comité e que este ano centrouse na confidencialidade na intervención social. Acordouse que tería lugar no marco do Encontro anual de Servizos Sociais, que se celebrou o 21 de outubro no Pazo de Mariñán.
- 4 | Petición de colaboración dos/as profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios do territorio do Consorcio á hora de recoller as demandas de intervención recibidas de terceiras persoas.
- 5 | Divulgación do Comité entre os profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios do territorio do Consorcio, chegándose ao acordo de que o Consorcio pon a disposición do Comité o seu Gabinete de Comunicación para divulgar a ética entre os/as profesionais dos servizos sociais.
- 6 | Presentación do CEIS As Mariñas nos Servizos Sociais do Concello da Coruña. Ao remate do ano 2022 esta presentación está pendente de realizar
- 7 | Celebración dunha xornada coas entidades sociosanitarias do territorio.
- 8 | Publicación do Boletín dixital. Non realizado.



En todo caso valórase de xeito moi positivo a vontade política de seguir apoiando e facilitando o labor do Comité, así como a necesidade de celebrar reunións periódicas de coordinación.

## 3.3 Formación interna

O pleno do Comité decidiu centrar a formación do ano 2022 arredor da temática da confidencialidade na intervención social.

O Consorcio recolleu a proposta e enmarcouna no Encontro anual de Servizos Sociais celebrado o día 21 de outubro de 2022, contando coa participación de Alejandro Artetxe e que consistiu nunha conferencia inaugural e un obradoiro en horario de tarde.

- Conferencia inaugural: A protección de datos desde os "principios"
- Obradoiro: A protección de datos no século XXI. Unha nova mirada."

Alejandro Artetxe García. Doctor en Medicina, delegado de Protección de Datos de Hermanas Hospitalarias Provincia España e presidente CEA de Hermanas Hospitalarias (Castela e León)



## 3.4 Relatorio no Mestrado Universitario da UDC

O 13 de setembro de 2022 a Presidenta do CEIS As Mariñas impartiu unha sesión sobre "A ética na intervención social" na materia de Dimensión ética e procesos educativos de acción social e dentro do Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria da Facultade de Socioloxía na Universidade da Coruña.

O relatorio estivo centrado na importancia da ética nos servizos sociais como marco para trasladar despois a experiencia do CEIS As Mariñas.

## 3.5 Presentación do Comité a distintos entidades do territorio

O día 23 de novembro tivo lugar a celebración da xornada "Etic-App: APLICACIÓN DA ÉTICA NA INTERVENCIÓN SOCIAL", nesta xornada participaron algo máis de 100 persoas, entre persoal técnico dos Servizos sociais comunitarios e entidades sociosanitarias do territorio do Consorcio As Mariñas.

Desenvolveuse no edificio Liceo, do Concello de Betanzos, e foi valorada positivamente.



[Ligazón nota de prensa](#)

# INVITACIÓN

## "Etic-App": APLICACIÓN DA ÉTICA NA INTERVENCIÓN SOCIAL

EDIFICIO LICEO BETANZOS  
23 DE NOVEMBRO DE 2022

### PROGRAMA

**9:15h. Acollda das persoas inscritas.**

**9:30 h. Inauguración da xornada.**  
José Antonio Santiso Miramontes. Presidente Consorcio As Mariñas  
Lúa Sanguiñedo Álvarez. Directora do Plan Coordinador de Servizos Sociais. Consorcio As Mariñas.

**9:40 h. Presentación do Comité de Ética en Intervención Social (CEIS) As Mariñas.**  
Lorena González e Serezabel Rodríguez, vogais do CEIS As Mariñas.

**10:00 h. Conferencia. "Impulsando o bo trato na intervención social: Perspectiva Ética".**  
Moderadora: Teresa Guerra, Secretaria do CEIS As Mariñas.  
Relatora: Marije Goikoetxea. Universidad de Deusto. CEIS de Bizkaia. Comisión Sociosanitaria de Comités de Ética de Euskadi.

**12:00 h. Pausa.**

**12:30 h. Boas prácticas na atención sociosanitaria.**  
Moderadora: Virxinia Alonso, Presidenta do CEIS As Mariñas.

**Participan:**  
·Elena Viqueira, Directora de AFACO.  
·Antonio Naya, Presidente do Comité de ética de ASPRONAGA.  
·Ana Vilar, Vicepresidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e responsable da Comisión Deontolóxica.  
·Paula Tomé, activista en saúde mental e docente.

**14:30 h. Clausura da xornada.**  
María Barral Varela, alcaldesa de Betanzos

INSCRICIÓNS: [PREMA AQUÍ](#)



# 4. GRUPOS DE TRABAJO

Durante o ano 2022 mantivéronse os grupos de traballo xa existentes, pero ademais valorouse a necesidade de crear un novo grupo relativo á revisión do documento de Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS. Esta necesidade xustifícase tanto para adaptalo a cambios de carácter legislativo, como para mellorar determinados procedementos incluídos no seu articulado. Dado o proceso de renovación do Comité, as persoas integrantes deste grupo están pendentes de determinar.

Así, os grupos existentes son:

- **Grupo de traballo de Comunicación.**
  - O grupo de comunicación inicia a súa laboura unha vez constituído o comité no ano 2019. As persoas que formaron parte do grupo no 2022 foron: Lorena González, Mónica Mourín e Serezabel Rodríguez.
  - As liñas de acción realizadas desenvolvéronse dando continuidade aos obxectivos principais do grupo: visibilizar e informar sobre a existencia do CEIS As Mariñas.
  - Ao longo do 2022 o traballo centrouse en presentar o CEIS As Mariñas ás entidades sociosanitarias do territorio do Consorcio As Mariñas. Para acadar isto, o grupo de comunicación encargouse -logo da presentación telefónica previa- do deseño, organización e mobilización para a participación da Xornada "Aplicación da ética na intervención social - Etic-App" celebrada en Betanzos o 23 de novembro de 2022.



- **Grupo de traballo de Elaboración de recomendacións: A intervención dos servizos sociais ante demandas de terceiras persoas.**
- **Grupo de traballo para a elaboración de recomendacións éticas en relación ao recoñecemento da situación de dependencia.**
  - O nacemento deste grupo de traballo foi acordado polo pleno do Comité no mes de xuño do ano 2021, a raíz de recibir –no mes de febreiro dese mesmo ano– unha consulta relativa ás dificultades atopadas no trámite de valoración da situación de dependencia.
  - As persoas que formaron parte do grupo foron: Luz Campello, Mercedes García, Teresa Guerra, Teresa Molaes, Victoria Fernández e Virxinia Alonso as que se reuniron por primeira vez no mes de outubro do 2021.
  - O traballo desenvolvido estivo centrado arredor do dous documentos: un caso práctico elaborado por unha das integrantes do grupo e o Documento de Recomendacións titulado *Ética, vulnerabilidade e ancianidade*. Realizada a lectura de ambos, os encontros mantidos estiveron centrados en identificar as fragilidades do sistema e como estas vulneran os dereitos das persoas, todo elo co fin de identificar as eivas e as fortalezas, en toda a súa complexidade, do sistema de recoñecemento da situación de dependencia.
  - No proceso de renovación do Comité, unha das integrantes do grupo non seguiu a formar parte do mesmo, polo que ao remate do ano 2022 o grupo estaba formado polas restantes cinco persoas.
- **Grupo de traballo para a revisión do documento “Desenvolvemento normativo de funcionamento interno”.**

Cómpre destacar que a intensidade de traballo, agás no caso do grupo de Comunicación, foi menos intensa que en anos anteriores. A saída de vogais e a tardanza no nomeamento das novas incorporacións, demorou a reconstitución e constitución dos anteditos grupos, coa repercusión que isto tivo a nivel interno.


Insistir na elevada participación e compromiso das persoas que forman o grupo de Comunicación, no que todas as integrantes traballan arreo para promover actuacións que fagan visible o Comité no territorio do Consorcio.



# 5. PRESENZA DO CEIS NA WEB DO CONSORCIO AS MARIÑAS

Ao longo do presente ano mantívose aberta a xanela virtual do CEIS As Mariñas na páxina web do Consorcio As Mariñas

A través da mesma pódese obter información sobre o Comité e acceder ao formulario para a presentación de consultas.





# 5. PROPOŒTAS DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2023

1

*Presentación da Memoria do ano 2022 ao Presidente do Consorcio As Mariñas e ás responsables política e técnica do Plan Coordinador. Realizada esta presentación, a memoria farase pública a través da páxina web do Consorcio.*

2

*Renovación de cargos das persoas que compoñen o CEIS As Mariñas.*

3

*Presentación do CEIS As Mariñas aos Servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña.*

4

*Deliberación sobre as consultas que se reciban no Comité e emisión de informes cando proceda.*

5

*Divulgación da existencia do Comité en colaboración co Gabinete de prensa do Consorcio As Mariñas . Á par exploraranse vías para facer accesible a presentación de consultas a este Comité.*

6

*Creación, mantemento e/ou supresión de grupos de traballo en función das necesidades detectadas.*

7

*Realización de accións formativas dirixidas ás persoas do Comité e aos/ás profesionais dos Servizos sociais comunitarios do territorio do Consorcio.*

8

*Participación e/ou organización de distintas xornadas e seminarios nos que dar a coñecer a existencia do CEIS As Mariñas e desenvolver a cultura bioética na intervención social.*



## contacto

---

Lugar de Bos. Naves O Carballal, 4.  
15640 Guísamo – Bergondo  
(A Coruña)  
Tlfno.: 981 784 704  
[ceisamarinas@consorcioam.org](mailto:ceisamarinas@consorcioam.org)

